

# O Horlá

Guy de Maupassant

Tradución de Brenda Maure Noia



# Guy de Maupassant

## O Horlá

Versión galega de Brenda Maure Noia

8 de maio: ¡Que día tan maravilloso! Pasei toda a mañá esbandallado na herba diante da casa, debaixo dun grandísimo plátano que a asombra. Gústame moito esta terra, e tamén me gusta vivir nela porque aquí teño as miñas raíces, esas profundas e delicadas raíces que fan de atadallo entre as persoas e a terra onde naceron e morreron os seus devanceiros, os vencellos que as unen ó que pensan e ó que comen, ós costumes e alimentos, ás expresións familiares, ó acento das xentes, ó cheiro da terra, das vilas e do mesmo aire.

Quérolle á casa onde medrei. Dende as ventás vexo como o río Sena flúe abeirando o meu xardín por detrás da estrada, moi preto da casa. O ancho e longo Sena que vai de Rouen ó Havre, cheo de barcos pasando polas súas augas. Á esquerda, por debaixo, está Rouen, a grande vila de teitos azuis, por baixo dos centos de campanarios góticos. Son innumerables, febles ou fortes, dominados pola "punta de ferro" da catedral e cheos de campás que soan no aire azul das fermosas mañás, facendo chegar ata min o seu doce e distante murmurio de ferro, o seu canto de bronce que me trae a brisa, tanto máis forte ou máis feble, segundo esperte ou adormeza. ¡Que bo tempo había aquel día!

Contra as once da mañá, desfilou por diante da miña casa un longo convoi de navíos arrastrados por un remolcador, tan grande coma un barco de pasaxeiros, que ía no límite das súas forzas, vomitando un fume espeso. Detrás de dúas goletas inglesas viña un precioso barco brasileiro de tres paos, todo branco, admirablemente limpo e brillante cunha bandeira vermella ondeando no ceo. Tanto me gustou ver aquel navío que o saudei sen saber por qué.

12 de maio: Hai xa uns días que teño algo de febre; síntome mal, ou máis ben, síntome triste. ¿De onde veñen estas influencias misteriosas que mudan en desalento a nosa felicidade e a nosa confianza, en angustia? Diríase que o aire, o aire invisible está cheo de forzas descoñecidas que nos afectan de xeito misterioso. Esperto cheo de ledicia, con ganas de cantar. -¿Por que?- Baixo pola beira da auga e de súpeto, despois dun curto paseo, volvo a casa angustiado, coma se algunha desgracia me agardase alí. -¿Por que? -¿Será un arreguizo que rozándome a pel me sacude os nervios e me ensombrece a alma? ¿Será a forma das nubes, ou a cor do día, a cor das cousas, tan cambiante que, ó pasarme polos ollos me perturba a mente? ¿Sabemos que é? Todo o que nos rodea, todo o que vemos sen miralo, todo o que rozamos sen coñecerlo, todo o que tocamos sen palpalo, todo o que atopamos sen distinguilo, ten sobre nós, sobre os nosos órganos e, a través deles, sobre as nosas ideas e sobre o noso propio corazón, efectos rápidos, sorprendentes e inexplicables.

¡Que profundo é este misterio do Invisible! Non o podemos detectar cos nosos miserables sentidos, cos nosos ollos que non son capaces de percibir nin o demasiado pequeno, nin o demasiado grande, nin o demasiado próximo nin o demasiado afastado, nin os habitantes dunha estrela, nin os habitantes dunha pinga de auga... cos nosos oídos que nos enganan, pois transmitennos as vibracións do aire en forma de notas sonoras. Son fadas as que fan o milagre de mudar en ruído ese movemento, e por esa metamorfose fan que brote a música, que se converta en canto a muda axitación da natureza... co noso olfato, máis feble có do can... co noso gusto, ¡que a penas pode distinguir-la idade dun viño!

¡Ah! Se tivesemos outro órgano que fixese outros milagres por nós, cántas cousas máis poderíamos descubrir ó noso redor.

16 de maio: ¡Decididamente estou enfermo! ¡Estiven tan ben de saúde o mes pasado! ¡Teño febre, unha febre insoportable, ou máis ben unha axitación febril, que fai sufrir a miña alma tanto coma o meu corpo! Teño constantemente esa sensación horrible dun perigo axexante, esa apreensión dunha desgracia que está por vir ou da morte que se achega, ese presentimento que, sen dúbida, é o ataque dun mal aínda descoñecido, xermolando no sangue e nas carnes.

18 de maio: Acabo de consultar un médico, pois xa non podía durmir. Atopoume o pulso demasiado rápido, as pupilas dilatadas, os nervios vibrantes, pero sen ningún síntoma alarmante. Debo someterme a unhas duchas e beber bromuro de potasio.

25 de maio: ¡Sen cambios! O meu estado é realmente estraño. A medida que se achega a tarde unha inquedaanza incomprendible me invade, coma se a noite agochase unha ameaza terrible para min. Ceo rápido, logo intento ler; pero non comprendo as palabras, a penas distingo as letras. Paseo daquela polo salón, baixo a opresión dun medo confuso e irresistible, o medo ó sono e o medo á cama. Contra ás dez subo ó cuarto. Ó que entro doulle dúas voltas á chave e boto o fecho; teño medo... ¿de que?... Ata aquí non tiven demasiado medo... abro os armarios, miro debaixo da miña cama: escoito... escoito... ¿que?... ¿É estraño que unha simple doenza, un problema de circulación posiblemente, a irritación dun filete nervioso, un pouco de conxestión, unha pequena perturbación no funcionamento tan imperfecto e tan delicado da nosa máquina vivinte, poida converter en melancólico o máis ledo dos homes, e nun pusilánime ó máis valente? Logo déitome e agardo a que me veña o sono coma quen agarda polo verdugo. Agárdoo co terror da súa chegada, e o meu corazón latexa, as pernas trémense; e todo o meu corpo se estarrece na calor das sabas ata o momento no que chego de vez ó repouso, como caería para me afogar nunha foxa de augas estancadas. Non o sinto vir, coma noutro tempo, ese sono aleivoso, agochado preto de min, que me espía, que me vai coller pola cabeza, pecharme os ollos, aniquilarme.

Durmo - moito tempo - dúas ou tres horas - logo un soño - non - un pesadelo oprímeme. Sinto que estou deitado e que durmo... Síntoo e seino... e sinto tamén que alguén se achega a min, que me mira, que me apalpa, sobe á miña cama, axeónllase sobre o meu peito, cólleme o pescozo entre as mans e aperta... aperta... con tódalas súas forzas para me esganar. Eu pelexo, paralizado por esa impotencia terrible que nos paraliza nos soños; quero berrar - non podo - quero moverme - non podo; intento, con grandes esforzos, sen alento, da-la volta, tirar ese ser que me esmaga e que me afoga, ¡non podo! E de súpeto esperto, aloulado, cuberto de suor. Prendo unha vela, estou so. Despois desa crise, que se repite tódalas noites, consigo durmir tranquilo ata o alborexar do día.

2 de xuño: O meu estado agravouse aínda máis. ¿Daquela que é o que teño? O bromuro non me fai nada; as duchas non me fan nada. Esta tarde, para cansa-lo corpo, a pesar de sentirme feble, fun dar unha volta polo bosque de Roumare. Ó primeiro crin que o aire fresco, lixeiro e suave, cheo do arrecendo das herbas e das follas, me enchería as veas dun sangue novo, o corazón dunha nova enerxía. Collín por unha grande "avenida" de caza, logo torcín cara a Bouille, por un camiño estreito, entre dúas ringleiras de árbores desmesuradamente altos que formaban un teito verde, espeso, case negro, entre o ceo e mais eu.

De súpeto estremeceume un calafrío, pero non de frío, senón un estraño arreguizo de angustia. Apurei o paso, inquedo por estar so neste bosque, asustado sen razón, de xeito estúpido, pola miña profunda soidade. De repente pareceume que me seguían, que viñan xusto detrás de min, moi preto, case a me tocar. Dei a volta subitamente. Estaba so. Detrás de min non vin máis có dereito e longo camiño, alto, sen dúbida baleiro; e do outro lado seguía todo igual ata perderse de vista, arrepiante.

Pechei os ollos. ¿Por que? E comecei a dar voltas sobre o calcañar, moi rápido, coma unha buxaina. Case caio; abro os ollos; as árbores bailan, a terra flota; teño que sentarme. E logo ¡ah, xa non sabía por onde viñera! ¡Que sensación tan estraña! ¡Estraña! ¡Que sensación tan estraña! Xa non sabía nada. Marchei polo camiño que había á miña dereita e cheguei á avenida que me levara ó medio do bosque.

3 de xuño: A noite foi horrible. Vou marchar unhas semanas. Unha pequena viaxe de seguro que me ha facer ben.

2 de xullo: Volvo a casa. Estou curado. E incluso fixen unha marabillosa excursión. Visitei o monte Saint Michel que non coñecía. ¡Que panorama cando se chega a Avranches pola noitiña como fixen eu! A vila está nun outeiro, e leváronme ó xardín público, no final da cidade. Botei un berro coa impresión que me deu. Unha baía enorme estendíase diante de min, ata perderse de vista, entre dúas costas afastadas, desaparecendo ó lonxe na brétema; e no medio desta inmensa baía amarela, baixo un ceo de ouro e claridade, erguíase escuro e bicudo un monte raro, no medio da area. Acababa de poñerse o sol e no horizonte, aínda resplandecente, debuxábase o perfil daquel fantástico penedo que aguanta no cumio un fantástico monumento.

Ó alborexa-lo día fun cara alá. Estaba a marea baixa coma onte pola tarde, e eu mirábao como se erguía diante de min, a medida que me achegaba a sorprendente abadía. Despois de andar varias horas alcancei o enorme bloque de pedra que sostén a pequena cidade, dominada pola grande igrexa. Despois de subir con

esfuerzo a rúa estreita e directa, entrei na máis admirable morada gótica construída por Deus sobre a terra, ampla coma unha vila, chea de salóns dominados por volutas e de altas galerías sostidas por febles columnas. Entrei nesa xigantesca obra de pedra, tan lixeira coma un encaixe, cuberta de torres, de esguelos campanarios ós que soben escaleiras reviradas e que lanzan no ceo azul dos días, no ceo negro da noite, as súas estrañas cabezas coroadas de quimeras, de demos, de bestas fantásticas, de flores monstruosas, e unidas unha a outra por finos arcos ornados.

Cando cheguei ó cumio, díxenlle ó monxe que me acompañaba: «Padre, ¡que ben debe estar aquí!». El respondeume: «Hai moito vento, señor». E comezamos a falar mentres mirabamos como subía a marea, que corría pola area e cubría a praia cunha coiraza de aceiro. O monxe contoume historias, tódalas vellas historias daquel lugar, lendas, só lendas. Unha delas chamoume moito a atención. As xentes do lugar, os do monte, dicían que se oía falar pola noite na area, pois óense balar dúas cabras, unha cunha voz forte, a outra cunha voz feble. Os incrédulos afirman que son os berros dos paxaros de mar, que se parecen tanto a beares como a queixas humanas. Pero os vellos pescadores aseguran que, ó redor da viliña tan afastada do mundo, teñen visto entre dúas mareas, un pastor ancián vagando polas dunas que leva sempre a cabeza tapada polo seu abrigo, e que vai guiando, diante deles, un carneiro con forma de home e unha cabra con forma de muller. Ámbolos dous teñen longos cabelos brancos e falan sen parar nunha lingua descoñecida; e logo, de repente, paran de berrar e póñense a balar con toda a súa forza. Díxenlle ó monxe «¿Vostede cre iso?». El murmurou: «Non o sei». E seguíu: «Se houbese na terra outros seres ademais de nós, ¿como non os habíamos de coñecer despois de tanto tempo? ¿Como non os había de ver vostede? ¿Como non os vería eu?». El contestou: «¿Acaso nós vémo-la milésima parte do que existe? Por exemplo, velaquí ten o vento, que é a maior forza da natureza, que tira cos homes, que derruba os edificios, arrinca as árbores, levanta o mar en montañas de auga, destrúe acantilados e funde na escuma os grandes barcos, o vento que mata, que asubía, que xeme, que brama, ¿viuno? ¿pode velo? Sen embargo existe».

Calei ante ese simple razoamento. Aquel home era un sabio, ou quizais un parvo. Non o sabería dicir, pero eu calei. O que dicía xa eu o pensara moitas veces.

3 de xullo: Durmín mal; de seguro que aquí hai unha influencia febril, pois o meu cocheiro padece o mesmo mal ca min. Ó volver a casa onte notei a súa singular palidez e pregunteille:

-¿Que lle pasa, Jean?

-Pasa que xa non podo descansar, señor, as miñas noites tragan os meus días. Dende que marchou o señor isto tenme como enfeitizado. O resto do persoal de servizo a pesar de todo está ben, pero eu teño medo de recaer.

4 de xullo: Decididamente recaín. Os meus vellos pesadelos volven. Esta noite sentín alguén anicado enriba de min, que coa boca sobre a miña bebíame a vida entre os meus beizos. Si, sacábaa da miña gorxa como faría unha sambesuga. Logo ergueuse satisfeito e eu espertei, tan magoado, esnaquizado, aniquilado, que non podía xa nin moverme. Se isto continúa aínda uns días máis, de seguro que volvo a marchar.

5 de xullo: ¿Perdín ó sentido? ¡O que ocorreu a noite pasada foi tan estraño que a miña cabeza se perturba cada vez que penso niso! Como fago agora tódalas noites, fechara a porta do cuarto con chave; logo, como tiña sede, bebín medio vaso de auga, e fixeime por casualidade que a miña botella estaba chea ata o tapón. Deiteime de seguido e caín nun deses horribles sonos meus, do que fun sacado preto de dúas horas despois por unha sacudida aínda máis horrorosa.

Imaxínese un home que dorme, ó que asasinan, e que esperta cun coitelo cravado no pulmón, e que agoniza cuberto de sangue, e que xa non pode respirar, e que vai morrer, e que non entende. ¡Velaí!. Cando por fin recuperei a razón, volvíu a ter sede; prendín unha vela e fun cara á mesa onde deixara a botella. Levanteina inclinándoa sobre o meu vaso; non saía nada. ¡Estaba baleira! ¡Estaba completamente baleira! Ó principio non entendín nada, logo, de súpeto, sentín unha emoción tan terrible que me tiven que sentar, ou máis ben, ¡que caín nunha cadeira! Logo erguinme dun salto para mirar ó meu redor! Volvíu a sentarme, abraído de asombro e de medo, ante o cristal transparente! Contemplábao cos ollos fixos, tratando de adiviñar. ¡As miñas mans tremían! ¿Entón beberan esa auga? ¿Quen? ¿Eu? ¿Eu, sen dúbida? ¿Non podía ser outro máis ca min? Daquela era somnábulo, vivía sen o saber esa dobre vida misteriosa que fai dubidar se hai dous seres en nós, ou se un ser estraño, descoñecido e invisible, anima por momentos, cando a nosa alma está adormecida e o noso corpo sometido, obedecendo a ese outro coma a nós mesmos, máis que a nós mesmos.

¡Ah! ¿Quen comprenderá a miña abominable angustia? ¿Quen comprenderá a emoción dun home san de espírito, ben esperto, cheo de sentido e que mira espantado a través do cristal transparente dunha botella un pouco de auga desaparecida mentres durmía! E quedei alí ata que chegou o día, sen me atrever a volver a meterme na cama.

6 de xullo: Toleo. Esta noite volveron outra vez a beber toda a miña botella, ou mellor dito, ¡bebina eu! Pero, ¿son eu? ¿Son eu? ¿Quen será? ¿Quen? ¡Ouh, meu Deus! ¡Toleo! ¿Quen me vai salvar?

10 de xullo: Acabo de facer experimentos sorprendentes. Decididamente pese a todo ¡estou tolo! O 6 de xullo, antes de me deitar, puxen enriba da miña mesa viño, leite, auga, pan e fresas. Bebeu - bebín - toda a auga, e un pouco de leite. Non se tocaron nin o viño nin o pan nin as fresas.

O 7 de xullo fixen a mesma proba e deu o mesmo resultado.

O 8 de xullo saquei a auga e mailo leite. Non se tocou nada.

O 9 de xullo por fin, puxen outra vez na mesa a auga e o leite e mais nada, tendo coidado de envolvera botellas en panos de muselina branca e de atar cun fío o tapón. Logo fretei os meus beizos, a barba e as mans con mina de chumbo, e deiteime. O invencible sono apoderouse de min, seguido axiña polo arrepiante espertar. Non me movera nada; mesmo as sabas non tiñan nin unha mancha. Boteime a mesa. Os lenzos que cubrían as botellas estaban immaculados. Desatei os fíos, tremendo de medo ¡Beberan toda a auga! ¡Beberan todo o leite! ¡Ah! ¡Meu Deus!

Marcho de seguida a París.

12 de xullo: París. ¡Seica perdera a cabeza estes últimos días! Debín de se-lo xoguete da miña imaxinación exaltada, a menos que non sexa realmente somnábulo, ou que sufrira unha desas influencias constatadas pero inexplicables polo momento, que chamamos suxestións. En calquera caso, a miña tolemia rozaba a demencia, e vintecatros horas de París foron dabondo para poñerme outra vez en equilibrio.

Onte, despois das compras e das visitas, que me fixeron pasar pola alma un aire novo e vivificante, rematei o serón no Teatro Francés. Poñían unha obra de Alexandre Dumas fillo; e ese espírito áxil e poderoso conseguiu curarme. Certamente a soidade é perigosa para as mentes que traballan. Fannos falla arredor de nós homes que pensen e que falen. Cando estamos moito tempo sos, enchémo-lo baleiro con pantasma.

Volvín ó hotel moi ledo polos bulevares. Cando tan cerca estaba da tolemia

pensaba, non sen ironía, nos meus temores, nas miñas conxecturas, pois crin, si, crin que un ser invisible habitaba baixo o meu teito. ¡Que feble é a nosa cabeza e como se trabuca e perde a razón, cando un pequeno feito incomprendible nos golpea! En lugar de concluír con estas simples palabras: «Non entendo xa que non atopo a causa», nós de seguida nos imaxinamos misterios espantosos e forzas sobrenaturais.

14 de xullo: Festa da República. Paseei polas rúas. Os petardos e as bandeiras divírtenme coma a un neno. Aínda así é ben estúpido ser feliz nunha data fixa, por decreto do goberno. O pobo é unha manada de imbéciles, tan estupidamente pacientes coma tan ferozmente insubordinados. Díselles: "Divírtete". Divírtese. Díselles: "Vai pelexar". Vai pelexar. Díselles: "Vota polo Emperador". Vota polo emperador. Logo díselles: "Vota pola República". E vota pola República. Os que o dirixen tamén son fatos, pero en lugar de obedecer ós homes, obedecen a principios, que non poden ser máis ca necios, estériles e falsos, por iso mesmo son principios, é dicir, considerados certos e inmutables, neste mundo onde non estamos seguros de nada, pois a luz é unha ilusión, e o ruído é outra ilusión.

16 de xullo: Onte vin cousas que me perturbaron moito. Fun cear na casa da miña curmá Mme. Sablé, que está casada co comandante do 76º rexemento de cazadores de Limoges e atopei na súa casa a dúas

mulleres, unha delas estaba casada cun médico, o doutor Parent, que se dedica en especial á terapia do hipnotismo e da suxestión sobre as enfermidades nerviosas.

Falamos durante moito tempo dos resultados prodixiosos obtidos polos sabios ingleses e polos médicos da escola de Nancy. As cousas que relataba parecéronme tan estrañas que me declarei completamente incrédulo. «Nós estamos -aseguraba el- a piques de descubrir un dos máis importantes segredos da natureza, quero dicir, un dos máis importantes segredos desta terra, pois certamente hai outros tan importantes coma estes alá nas estrelas. Dende que o home pensa, dende que sabe dicir e escribi-lo que pensa, síntese envolto por un misterio impenetrable para os seus sentidos, tan rudos e imperfectos, e fai o que sexa para suplir, co esforzo da intelixencia, a impotencia dos seus órganos. Cando esta intelixencia permanecía en estado primitivo, esta obsesión polos fenómenos invisibles colle formas arrepiantes. De aí nacen as crenzas populares do sobrenatural, as lendas dos espíritos errantes, as fadas, os gnomos, os aparecidos, e incluso diría eu, a lenda de Deus. Pois as nosas concepcións sobre o artesán-creador, de calquera relixión, son as invencións máis mediocres, as máis estúpidas, as máis inaceptables saídas do cerebro amedrentado das criaturas. Non hai nada máis certo que o que dixo Voltaire: «Deus fixo o home á súa imaxe, pero o home fixo o mesmo con el». «Sen embargo dende hai máis dun século parece que presentimos algo novo. Mesmer é outros puxéronnos nunha vía inesperada e nós realmente chegamos, sobre todo dende hai catro ou cinco anos, a resultados sorprendentes.»

A miña curmá, igual de incrédula, sorría. O doutor Parent díxolle:

-¿Quere que trate de durmirla, señora?

-Con moito gusto.

Sentouse nunha butaca e el comezou a fitala ós ollos embelecándoa. Eu sentínme de súpeto un pouco atordado, o corazón latexábame con forza, tiña un nó na gorxa. Estaba a mirar como as pálpebras da Mme. Sablé se poñían pesadas, como se lle crispaba a boca, como lle alentaba o peito. Despois de dez minutos durmía. «Póñase detrás dela» - díxome o médico. E eu sentíme detrás dela. Púxolle entre as mans unha tarxeta de visita mentres lle dicía: "Aquí ten un espello; ¿que é o que ve nel?" Ela contestou: «Vexo ó meu curmán.»

-¿E que fai?

-Está a retorcer-lo bigote.

-¿E agora?

-Saca unha fotografía do peto.

-¿E que fotografía é?

-Unha del.

¡Era certo! Acababa de facer esa fotografía, esa mesma tarde no hotel.

-¿Como está no retrato?

-Está de pé co sombreiro na man.

Así que podía ver naquela tarxeta, no cartón branco, coma vería nun espello. As mulleres, arrepiadas, dicían: «¡Basta! ¡Basta! ¡Xa basta!». Pero o doutor ordenou: «Mañá vaise erguer ás oito e vai ir busca-lo seu curmán ó hotel para pedirlle que lle preste cinco mil francos que lle pide o seu home, e que llos esixirá á volta da súa viaxe.» Logo espertouna.

Ó volver ó hotel, pensei nesta curiosa reunión e asaltáronme dúbidas, non sobre a absoluta e indubidable boa fe da miña curmá, á que coñecía coma unha irmá dende neno, senón sobre o posible fraude do doutor. ¿Non disimularía na súa man un espello que mostraba a muller durmida ó mesmo tempo que a súa tarxeta de visita? Os prestidixitadores fan cousas así de singulares. Volvín ó hotel e deiteime.

E á mañá seguinte, cara ás oito e media, espertoume o meu servinte e díxome:

-Mme Sablé quere falar de contado co señor.

Vestinme rapidamente e recibina. Ela sentouse moi turbada, cos ollos baixos e, sen levanta-lo velo, díxome:

-Meu querido curmán, teño que pedirche un gran favor.

-¿Que é, miña curmá?

-Moléstame moito ter que dicircho pero, aínda así, teño que facelo. Necesito, realmente teño necesidade, de cinco mil francos.

-¿Ti? ¿e logo?

-Si eu, ou máis ben o meu home, que me encargou busca-los cartos.

Estaba tan asombrado que tateaba as miñas respostas. Preguntábame se realmente ela non se estaría a rir de min co doutor Parent, se aquilo non era unha simple farsa preparada de antemán e moi ben interpretada. Pero mirándoa con atención tódalas miñas dúbidas se disiparon. Ela tremía de angustia polo dolorosa que lle resultaba facer esta petición, e notei que estaba a piques de chorar. Eu sabía que ela era moi rica e contestei:

- ¡Como! ¿O seu home non dispón de cinco mil francos? A ver, pense un momento ¿Está segura de que el lle encargou pedirmos a min?

Dubidou uns segundos coma se fixese un gran esforzo por buscar na súa memoria e logo contestou:

-Si..., si... estou segura.

-¿Escribiulle?

Volveu a dubidar, pensando. Podía imaxina-lo traballo torturador da súa mente. Ela non sabía. Só sabía que tiña que pedirme prestados cinco mil francos para o seu home. Por iso se atreveu a mentir:

-Si, escribume.

-¿E logo cando? Non me dixo nada onte.

-Chegou a carta esta mañá.

-¿Pode mostrarma?

-Non... non... non... poñía cousas íntimas... moi persoais... e... queimeina.

-Logo, o seu home ten débedas.

Volveu a dubidar e logo murmurou: «Non o sei.»

Dixen bruscamente: «É que non podo dispoñer de cinco mil francos neste momento, miña querida curmá.»

Soltou unha especie de salouco de sufrimento. «¡Ouh! ¡Ouh! Píddollo por favor, píddollo por favor, búsqueos...»

¡Estaba exaltada, xuntando as mans coma se pregase! Oía a súa voz cambiar de ton. Choraba e tateaba, abatida, dominada pola orde irresistible que recibira. «¡Ouh! ¡Ouh! Suplícollo... se soubese como sufro... necesitoos para hoxe». Tiven pena dela: «Vainos ter de contado, xúrollo».

Ela berrou: «¡Gracias! ¡gracias! ¡que bo é!» Eu contesteille: «¿Vostede recorda o que pasou onte na súa casa?»

-Si.

-¿Recorda que o doutor Parent a durmiu?

-Si.

-Ben, pois ordenoulle que esta mañá me viñese pedir cinco mil francos, e neste momento vostede está a obedecer esa orde.

Pensou uns segundos e contestou: «Porque foi o meu home quen mos pediu.»

Durante unha hora intentei convencela pero non o dei conseguido. Cando marchou corrín á casa do doutor que estaba a piques de saír e escoitoume cun sorriso. Logo dixó: «¿Creo agora?»

-Si, creo ben.

-Vaíamos a casa da súa parente.

Ela descansaba nun **sofá** abatida polo cansazo. O médico tomoulle o pulso, mirouna durante un momento e levantou unha man cara ós seus ollos que ela foi pechando pouco a pouco baixo o esforzo insoportable desta forza magnética. Cando estivo durmida: "O seu home xa non precisa cinco mil francos. Así que vai esquecer que lle pediu ó seu curmán que llos prestase e, se el lle fala diso, vostede non comprenderá nada."

Logo espertouna. Eu saquei do meu peto a billeiteira: «Aquí ten, miña querida curmá, o que pediu esta mañá.»

Sorprendeuse tanto que non me atrevín a insistir. Aínda así intentei refrescarlle a memoria pero ela negaba con forza, cría que me ría dela, ó final, acabou anoxándose comigo.

.....

¡Aquí estou! Acabo de chegar e nin sequera puideren almorzar de tanto que esta experiencia me alterou.

19 de xullo: Moita xente a quen lle contei esta aventura riuse de min. Xa non sei que pensar. O sabio di: ¿pode ser?

21 de xullo: Fun cear a Bougival, logo pasei o serán na festa dos barqueiros. Decididamente todo depende dos lugares e da contorna. Crer no sobrenatural na illa da Grenouillère sería unha tolada... ¿pero no cumio do monte Saint-Michel?... ¿e nas Indias? Estamos excesivamente sometidos á influencia do que nos rodea. A semana que vén volvo para a miña casa.

30 de xullo: Volvín a casa onte. Todo vai ben.

2 de agosto: Nada novo. Fai un tempo moi bo. Paso os días mirando a cor do Sena.

4 de agosto: Os criados teñen problemas. Din que pola noite os vasos escachan nos armarios. O mozo de cuartos acusa á cociñeira, esta acusa á lavandeira e esta bótalle a culpa ós outros dous. ¿Quen é o culpable? ¡Será ben listo quen o diga!

6 de agosto: Esta vez non estou tolo. ¡Vino... vino... vino! Xa non podo dubidar... ¡Vino!... Aínda sinto frío ata nas uñas... aínda teño medo ata a medula... ¡Vino!... Paseaba ás dúas, a pleno sol, polo meu xardín de roseiras... polo carreiro das roseiras de outono que comezan a bota-la flor. Parei a mirar unha delas –"xigante de batallas"– que tiña tres flores magníficas; vin, vin claramente, moi preto de min, o talo dunha daquelas rosas dobrarse, coma se unha man invisible a torcese, logo rompeu, ¡coma se esa man a collese! Despois a flor ergueuse, facendo a curva que tería feito un brazo se a levase cara á boca, e quedou



suspendida no aire transparente, soa, inmóbil, coma unha arrepiante mancha vermella a tres pasos dos meus ollos. Aloulado, ¡boteime a ela para agarrala! Non atopei nada; desaparecera. Entón enchinme dunha cólera furiosa contra min mesmo; pois non se lle permite a un home razoable e serio ter semellantes alucinacións. ¿Pero era realmente unha alucinación? Dei a volta para busca-lo talo e atopeino de contado entre a mata, recentemente cortado entre dúas rosas que quedaban na rama.

Volví para casa coa alma perturbada pois estou seguro, agora, seguro coma da alternancia dos días e das noites, que existe preto de min un ser invisible, que se alimenta de leite e auga, que pode toca-las cousas, collelas e cambialas de sitio, dotado polo tanto dunha natureza material, aínda que imperceptible para os nosos sentidos, e que coma min, vive baixo o meu teito...

7 de agosto: Durmín tranquilo. Bebeu auga da miña botella, pero non molestou o meu sono para nada. Penso se estarei tolo. Paseando pola tarde cando quentaba o sol, pola beira do río, viñéronme as dúbidas á cabeza, pero non eran dúbidas vagas como as que tiña ata ese momento, senón que eran dúbidas precisas, absolutas. Eu teño visto tolos; coñecín algúns que seguían sendo intelixentes, lúcidos, aleutos mesmo en tódolos aspectos da vida, salvo nun. Falaban de todo con claridade, con tolerancia, con profundidade, e de súpeto a súa mente, batendo contra a rocha da súa tolemia, esnaquízase espallándose e naufragando nese océano arrepiante e furioso, cheo de ondas que saltan, de brétemas, de borrascas, ó que lle chaman "a demencia".

Certamente crería que estou tolo, completamente tolo, se non fose consciente, se non coñecese perfectamente o meu estado, se eu non afondase analizándoo cunha completa lucidez. Non sería entón, á fin, máis ca un alucinado que razoa. Algún problema descoñecido se debe producir no meu cerebro, un deses problemas que intentan percibir e precisar hoxe en día os fisiólogos; e ese problema determinaría no meu espírito, na orde e a lóxica das miñas ideas, unha profunda fendedura. Fenómenos semellantes teñen lugar no soño que nos pasea polas fantasmagorías máis inverosímiles sen que nos sorprenda, porque o aparello verificador, porque o sentido do control está durmido, mentres que a facultade imaxinativa está esperta e traballa. ¿Non podería ser que unha das imperceptibles pezas do teclado cerebral estea paralizada en min? Hai homes que despois dun accidente perden a memoria dos nomes propios, ou dos verbos ou das cifras, ou soamente das datas. A localización de tódalas parcelas do pensamento están xa probadas. Así que, ¡que ten de raro que a miña capacidade de controla-la irrealidade dalgunhas alucinacións estea adurmiñada en min neste momento! Pensaba en todo iso á beira da auga. O sol cubría de claridade a ribeira, facía a terra deliciosa, enchendo a miña ollada de amor pola vida, polas andoriñas, que teñen unha axilidade que alegra os meus ollos, polas herbas da beira do río, que co seu tremer producen alegría ós meus oídos.

Pouco a pouco, ó mesmo tempo, unha inexplicable doenza penetraba en min. Parecía unha forza oculta que me enlentecía, que me freaba, non me deixaba ir máis lonxe, chamábame dende atrás. Experimentei esa necesidade dolorosa de retornar á casa que nos oprime cando deixamos alí un ser querido doente e témo-lo presentimento de que o seu estado se agravou. Así que volví a pesar meu, seguro de que ía atopar unha mala nova, unha carta ou un aviso. Non había nada; e quedei aínda máis sorprendido e máis inquedo que se volveuse a ter outra visión fantástica.

8 de agosto: Onte pasei un serán espantoso. Xa non se manifesta, pero eu síntoo preto de min, espiándome, mirándome, penetrando en min, dominándome. E síntoo máis poderoso agochándose desta forma, que se aparece a súa presenza invisible e constante en fenómenos sobrenaturais. Aínda así quedei a durmir.

9 de agosto: Nada, pero teño medo.

10 de agosto: Nada; ¿que pasará mañá?

11 de agosto: Segue sen pasar nada; non podo quedar máis na casa con este angustia e este espírito que entra dentro da miña alma. Vou marchar.

12 de agosto, 10 da noite: Todo o día quixen marchar; non puiden. Quería realizar este acto de liberdade tan fácil, tan sinxelo, saír, subir no meu coche para chegar a Rouen. Non puiden. ¿Por que?

13 de agosto: Cando se padecen certas doenzas, tódolos resortes do ser físico parecen rotos, tódalas enerxías aniquiladas, tódolos músculos perderon o vigor, os ósos vólvense moles coma a carne e a carne líquida coma a auga. Eu experimentei isto no meu ser moral dunha forma estraña e desoladora. Xa non teño forza ningunha, coraxe ningún, ningún dominio sobre min, ningún poder mesmo para poñer en movemento a

miña vontade. Xa non podo tomar decisións, pero alguén decide por min e eu obedezo.

14 de agosto: ¡Estou perdido! ¡Alguén posúe a miña alma e a goberna! Alguén ordena tódolos meus actos, tódolos meus movementos, tódolos meus pensamentos. Xa non son nada en min, nada máis ca un espectador escravo e aterrado de tódalas cousas que fago. Quero saír. Non podo. El non quere, e eu quedo aloulado, tremendo na butaca onde me ten sentado. Só teño desexos de erguerme, de levantarme para crerme dono de min. ¡Non podo! Estou inmobilizado, cravado no asento e o asento pégase ó chan, de tal maneira que ningunha forza nos vai levantar.

Logo, de súpeto, cómpre, cómpre, cómpre que vaia coller fresas ó fondo do xardín, e comelas. E vou. ¡Collo fresas e cómoas! ¡Ouh, meu Deus! ¡Meu Deus! ¡Meu Deus! ¿Existe un Deus? Se é que hai un, ¡libéreme, sálveme! ¡Socórrame! ¡Perdón! ¡Piedade! ¡Gracia! ¡Sálvame! ¡Ouh! ¡Que sufrimento! ¡Que tortura! ¡Que horror!

15 de agosto: É ben certo. ¡Velaí como estaba posuída e dominada a miña pobre curmá, cando me veu pedir prestados os cinco mil francos! Estaba sometida a unha vontade estraña que entrara nela, coma se fose outra alma, coma outra alma parasita e dominadora. ¿É que o mundo vai acabar? Pero aquel que me goberna, ¿quen é, ese invisible? ¿Ese descoñecido, ese ser dunha raza sobrenatural que paira sobre min? ¡Así que os Invisibles existen! Logo, ¿como é que dende a orixe do mundo aínda non se manifestaron dunha forma precisa coma se me manifestan a min? Nunca lin nada semellante ó que pasou na miña casa. ¡Ouh! Se puidese marchar, fuxir e non volver. Estaría salvado, pero non podo.

16 de agosto: Hoxe puiden escapar durante dúas horas, coma un prisioneiro que atopa aberta, por casualidade, a porta do seu calabozo. Notei que de súpeto era libre e que el estaba lonxe. Mandeí dispoñer o coche rapidamente e fun a Rouen. ¡Ouh! Que ledicia poder dicir a un home que obedece: «¡Vaia a Rouen!». Fíxeno parar diante da biblioteca e pedín prestado o grande tratado do doutor Hermann Herestauss sobre os habitantes descoñecidos do mundo antigo e moderno. Logo, cando chegou o momento de subir ó meu coche, quixen dicir: «¡Á estación!» e berrei - no dixen, berrei- cunha voz tan forte que a xente que pasaba se volveu cara min. «Á casa», e caín desfeito pola angustia sobre o coxín do meu coche. El atopárame e volvérame a coller.

17 de agosto: ¡Que noite! ¡Que noite! E aínda así parece que debería alegrarme. ¡Ata a unha da mañá lin! Hermann Herestauss, doutor en filosofía e en teogonía, escribiu a historia e as manifestacións de tódolos seres invisibles que roldan ó redor do home ou soñados por el. Describe as súas orixes, os seus dominios, o seu poder. Pero ningún deles se asemella ó que me persegue. Pódese dicir que a persoa, dende que ten capacidade de pensar, presentiu e temeu un ser novo, máis forte ca el, o seu sucesor neste mundo, e que, sentíndoo próximo e sen poder imaxina-la natureza deste amo, creou, no seu terror, toda esta cantidade de seres ocultos, pantasma errantes nadas do medo.

Así que, despois de ler ata a unha da mañá, tiven que sentarme axiña a carón da fiestra aberta para refresca-la miña fronte e as miñas ideas co vento calmo da escuridade. ¡Facía bo tempo, estaba morno! ¡Como me gustaría unha noite así noutro tempo! Sen lúa. As estrelas facían escintileos nun fondo de ceo negro. ¿Quen habita eses mundos? ¿Que formas, que seres, que animais, que plantas hai alí? Aqueles que pensan neses universos remotos, ¿saben eles máis de nós? ¿Son máis poderosos ca nós? ¿Queren algo que nós non coñecemos en absoluto? Un deles, un día ou outro, atravesando o espacio, ¿non aparecerá sobre a nosa terra para conquistala, como fixeron noutra época os normandos que atravesaron o mar para asoballa-los pobos máis febles? Nós somos tan febles, tan impotentes, tan ignorantes, tan pequenos, nós, sobre ese gran de poeira que dá voltas desfeita nunha pinga de auga. Así quedei medio adurmiñado soñando ó aire fresco da noite. Logo de durmir case uns corenta minutos, abrín outra vez os ollos sen facer movementos, espertado por non sei qué emoción confusa e estraña. Ó principio non vin nada, logo, de súpeto, pareceume que unha folla do libro que quedara aberto sobre a miña mesa acababa de pasar ela soa. Ningún sopro de vento entrara pola ventá. Quedei sorprendido e agardei. Ó cabo de catro minutos, máis ou menos, vin, vin, si, vin cos meus ollos como se levantaba outra folla e caía sobre a anterior, coma se un dedo a pasase. A miña butaca estaba baleira, parecía baleira; pero eu comprendín que el estaba alí, el, sentado no meu sitio, e que el lía. Entolecido, dun salto de besta enfurecida que vai destripa-lo seu domador, atravesei o cuarto para agarralo, para apertalo, ¡para asasinalo!... Pero o meu asento, antes de que chegase a el, deu a volta coma se fuxise diante de min... a mesa abaneou, a lámpada caeu e apagouse, e a ventá pechouse coma se un malfeitor sorprendido se guindase na noite, agarrando coas dúas mans as follas da ventá.

Daquela, salvárase. Tivo medo, ¡ el, medo de min! Logo... logo... mañá... ou despois..., ou un día calquera,

¡poderei collelo nos meus puños, e estampalo contra o chan! ¿Acaso os cans, ás veces non morden e non matan os seus amos?

18 de agosto: Botei todo o día pensando. ¡Ouh, si! Vouno obedecer, segui-los seus impulsos, realizar tódalas súas vontades, facerme humilde, submiso, pusilánime. El é máis forte. Pero chegará un momento...

19 de agosto: ¡Seino... seino... sei todo! Acabo de ler aquí, na *Revista do Mundo Científico*: «Unha nova bastante curiosa chéganos de Río de Janeiro. Unha tolemia, unha epidemia de loucura comparable ás demencias contaxiosas que afectaron ós pobos de Europa na Idade Media, fai estragos neste momento na provincia de São Paulo. Os habitantes adoecidos abandonan as casas, deixan desertas as vilas, abandonan as súas vidas, din que son perseguidos, posuídos, gobernados coma un rabaño humano por seres invisibles ó mesmo tempo que tanxibles, un tipo de vampiros que se nutren das dúas vidas, durante o seu sono, e que beben ademais auga e leite sen parecer tocar ningún outro alimento. O Sr. profesor Don Pedro Henríquez, acompañado de varios médicos sabios, marchou para a provincia de São Paulo coa fin de estudar *in situ* as orixes e as manifestacións desta sorprendente tolemia, e de propoñer ó Emperador as medidas que considere máis axeitadas para facer volver á razón a estas poboacións delirantes.»

¡Ah! ¡Ah! ¡Agora lembro, lembro barco brasileiro de tres paos que pasou por baixo das miñas ventás cando remontaba o Sena, o oito de maio pasado! ¡Atopeino tan bonito, tan branco, tan ledo! ¡O Ser estaba nel, viña de lonxe, onde naceu a súa raza! ¡E viume! Viu tamén a miña casa branca e saltou á terra. ¡Ouh! ¡Meu Deus!

Agora, seino, presíntoo. O reinado do home rematou. El xa chegou. Aquel ser que provocou os primeiros terrores dos pobos primitivos. Aquel que os curas exorcizaban preocupados, que as bruxas evocaban nas noites escuras aínda sen chegar a velo; a quen os presentimentos de amos pasaxeiros do mundo prestarían tódalas formas monstruosas ou graciosas dos diaños, dos espíritos, dos xenios, das fadas, dos trasgos. Despois das primitivas concepcións dos medos ancestrais, os homes máis perspicaces presentírono con claridade. Mesmer adiviñáralo e os médicos, dende hai xa dez anos descubriron con precisión a natureza do seu poder antes de que el mesmo o usase. Xogaron con esta arma do novo Señor, o dominio dunha misteriosa vontade sobre a alma humana convertida en escrava. Chamaron a iso magnetismo, hipnose, suxestión... ¿eu que sei? ¡Vinos divertirse coma nenos imprudentes con ese terrible poder! ¡Ai pobres de nós! ¡Ai do home! El chegou, o... o... como se chama... o... paréceme que me berra o seu nome, e non o oio... o Horlá... é el... o Horlá... ¡chegou!

¡Ah! O voitre comeu a pomba, o lobo comeu o año, o león devorou o búfalo de cornos afiados, o home matou o león coa frecha, coa espada e coa pólvora; pero o Horlá vai facer co home o que nós fixemos co cabalo e co boi: o seu obxecto, o seu servinte e o seu alimento, só coa forza da súa vontade. ¡Ai de nós! Aínda así, ás veces o animal revírase e mata a aquel que o dobregou... eu tamén quero... eu podería... ¡pero fai falla coñecelo, tocalo, velo! Os sabios din que o ollo da besta, diferente do noso, non distingue as cousas coma o humano... E o meu ollo non pode distingui-lo novo ser que me oprime.

¿Por que? ¡Ouh! Lembro agora as palabras do monxe do Monte Saint Michel: «¿Acaso nós vémo-la milésima parte do que existe? Por exemplo, velaquí ten o vento, que é a maior forza da natureza, que dobrega os homes, abate os edificios, arrinca as árbores, levanta o mar en montañas de auga, destrúe acantilados e funde na espuma do mar os grandes navíos. O vento que mata, que asubía, que xeme, que brama, ¿viuno vostede? ¿E pode velo? Mesmo así e todo existe.» E eu aínda pensaba: ¡O meu ollo é tan feble, tan imperfecto, que nin sequera distingue os sólidos se son transparentes coma o vidro!... Faríame caer coma o paxaro que entra nun cuarto e rompe a cabeza contra os vidros, se un espello sen mercurio atrancase o meu camiño. Outras mil cousas máis o confunden e o desvían. ¿Que ten de sorprendente, entón, que non sexa capaz de percibir un corpo novo que é atravesado pola luz?

¡Un ser novo! ¿Por que non? ¡Estaba claro que tiña que vir! ¡Por que iamos ser nós os derradeiros! ¿Nós non o distinguimos, como tampouco o fixeron os outros humanos antes ca nós? É que a súa natureza é máis perfecta, o seu corpo máis fino e máis completo có noso, có noso tan feble, tan malamente concibido, cheo de órganos sempre fatigados, sempre forzados coma resortes demasiado complicados, có noso que vive coma unha planta e coma unha besta, alimentándose malamente de aire, de herba e de carne, máquina animal presa de enfermidades, de deformacións, de putrefaccións, asmática, mal regrada, inxenua e estraña, enxeñosamente mal feita, obra groseira e delicada, esbozo dun ser que podería chegar a intelixente e brillante. Nós somos uns poucos, ben pouca cousa para este mundo, dende a ostra ata o home. ¿Por que non un máis, unha vez rematado o período que distingue as aparicións sucesivas de tódalas especies

distintas?

¿Por que non un máis? ¿Por que non tamén outras árbores con flores inmensas, resplandecentes e que perfuman rexións enteiras? ¿Por que non outros elementos ademais de lume, o aire, a terra e a auga? ¡Son catro, nada máis que catro, estes pais sustentadores de tódolos seres! ¡Que pena! ¡Por que non son corenta, catrocentos, catro mil! ¡É todo tan pobre, tan mesquiño, miserable! ¡Unha avara doazón, un seco invento, bastamente feito! ¡Ah! ¡Que gracia teñen o elefante e o hipopótamo! ¡E canta elegancia ten o camelo!

Pero vostedes dirán: ¡A bolboretta! ¡Unha flor que voa! Eu soño con unha que sería grande coma cen universos, con ás dunha forma, beleza e movemento que nin eu mesmo sabería explicalo. Pero eu véxoa... ¡Vai de estrela en estrela, refrescándoas e perfumándoas co sopro harmonioso e lixeiro do seu paso!... ¡E as xentes de alá lonxe mírana pasar, extasiados e cativados!

.....

¿E logo que teño? ¡É el, el, o Horlá, que me obsesiona, que me fai pensar esas tolerías! Está dentro de min, converteuse no meu amo. ¡Vouno matar!

19 de agosto: Vouno matar. ¡Vino! Onte á noite senteime á miña mesa e fixen coma quen que escribía con moita atención. Estaba seguro de que el viría azoroñar ó meu redor, moi preto, tan preto que quizais podería tocalo, ¿agarralo? ¡E logo!... logo tería a forza dos desesperados, tería as miñas mans, os meus xeonllos, o meu peito, a miña fronte, os meus dentes para esganalo, esmagalo, mordelo, esfolalo. E eu agardábao con tódolos meus órganos sobreexcitados. Prendera as miñas dúas lámpadas e as oito velas da cheminea coma se, nesa claridade, puidese descubri-lo. Diante de min está a miña cama, unha vella cama de aciñeira con columnas; á dereita, a cheminea; á esquerda, a porta ben pechada, despois de deixala moito tempo aberta para atraelo; detrás de min, un armario moi alto cun espello, que a diario me servía para barbearme, para vestirme, onde tiña costume de me mirar da cabeza ós pes cada vez que pasaba por diante. Así que eu facía que escribía para enganalo, porque el tamén me axexaba, e de súpeto sentino, estiven seguro de que el lía por riba do meu ombro, que estaba alí, rozando a miña orella. Erguinme botando as mans, dando a volta tan de súpeto que houben caer. ¿E ben?... ¡Había claridade coma a pleno día, e eu non me vin no meu espello!... ¡Estaba baleiro, claro, profundo, cheo de luz! A miña imaxe non estaba dentro del... e eu estaba en fronte! Vía o gran cristal limpo de arriba abaixo. E miraba aquilo cos ollos pasmos. Non me atrevín nin a avanzar, non me atrevín sequera a facer ningún movemento, aínda que sentía claramente que el estaba alí, aínda que me escapase outra vez. El, co seu corpo imperceptible, devorara o meu reflexo.

¡Canto medo tiven! E velaí que de súpeto comecei a verme nunha bruma, ó fondo do espello, nunha bruma como a través dunha cortina de auga; e parecíame que esa auga ía de esquerda a dereita, lentamente, facendo cada vez máis precisa a miña imaxe, segundo a segundo. Era como o final dun eclipse. Aquelo que me ocultaba non parecía ter perfís claramente definidos, senón unha especie de transparencia opaca, que se aclaraba pouco a pouco.

Ó fin puiden distinguirme completamente, tal como fago cada día cando me miro. ¡Vírao! O susto quedoume, e aínda me fai tremer.

20 de agosto: Matalo, ¿como? ¿Como, se non o podo pillar? ¿Veleno? Pero íame ver mesturalo coa auga; e ademais os nosos velenos ¿terían efecto sobre un corpo imperceptible? Non... non... sen dúbida ningunha... ¿E logo? ¿E logo?

21 de agosto: Fixen vir un cerralleiro de Rouen e encargueille persianas de ferro para o meu cuarto, como teñen na planta baixa dalgúns hoteis particulares, en París, por medo ós ladróns. E tamén me vai facer unha porta igual. ¡Quedei coma un covarde, pero a min tanto me ten!...

.....

10 de setembro: Rouen, hotel Continental. Xa está feito... Xa está feito... ¿Pero el está morto? Teño a alma alterada polo que vin. Onte, despois de que o cerralleiro puxese a persiana e a porta de ferro, deixei todo aberto, ata media noite, que xa comezaba a facer frío. De súpeto, sentín que el estaba alí, e unha ledicia, unha ledicia tola sacudíume. Erguinme lentamente e fun cara á dereita, cara á esquerda, así durante moito tempo para que el non adiviñase nada; logo saquei os botíns e puxen as zapatillas de calquera maneira, pechei a persiana de ferro e, dirixíndome con pasos tranquilos cara á porta, pecheina con dúas voltas de

chave. Voltando á ventá, asegureina cun cadeado e gardei a chave no peto. De súpeto, notei que se axitaba arredor de min, que tiña medo, que me ordenaba abrírlle. Houben de ceder, pero non cedín, e pegándome á porta, entreabrína o xusto para poder pasar eu de medio lado. E como son tan alto tocaba coa cabeza no lintel. Estaba seguro de que non puidera escapar e encerreino a el só, só. ¡Que ledicia! ¡Xa o tiña! Logo baixei correndo, collín dúas lámpadas no salón, debaixo do meu cuarto, e espaxéin todo o aceite na alfombra, nos mobles, por todas partes. E logo prendín lume e púxenme a salvo, despois de fechar ben con dúas voltas de chave a gran porta da entrada. Funme agochar no fondo do meu xardín, nun loureiral. ¡Canto tardou! ¡Canto tempo! Todo estaba negro, mudo, inmóbil; nin un sopro de aire, nin unha estrela. As montañas de nubes que non se vían, premían sobre a miña alma tan pesadas, tan pesadas. Miraba a miña casa e agardaba. ¡Canto tempo durou todo! Xa me parecía que o lume se apagara só, ou que o apagara El, cando unha das ventás do piso baixo rebentou empurrada polo lume, e unha lapa, unha grande lapa vermella e amarela, longa, mol, agarimosa, subiu polo muro branco e foino bicando ata o tellado. Un resplandor percorreu as árbores, as polas, as follas, e un arreguizo, un arreguizo de medo tamén. Os paxaros espertaron, un can comezou a ladrar. ¡Parecíame que o día chegaba! Outras dúas ventás rebentaron tamén, e vin que todo o baixo da miña vivenda non era máis ca un braseiro infernal. ¡Pero un berro, un berro horrible, agudo, desgarrado, un berro de muller atravesou a noite, e abríronse dúas ventás do faiado! ¡Esquecera o persoal doméstico! ¡Vin as súas caras entolecidas, os seus brazos axitándose!...

Entón, descontrolado polo horror, corrín á vila berrando: «¡Socorro! ¡Socorro! ¡Lume! ¡Lume!» Atopei xente que xa viña e volvían con eles, para mirar. ¡A casa, agora, non era máis ca unha pira horrible e magnífica, unha pira monstruosa, que iluminaba toda a terra, unha fogueira onde ardían homes e onde El ardía tamén, El, El, o meu prisioneiro, o novo Ser, o novo amo, o Horlá!

De súpeto, o teito enteiro desfondouse entre as paredes e un volcán de lapas xurdiu ata o ceo. Por tódalas ventás daquel forno vía a cuba do lume, e pensaba que El estaba alí, naquel forno, morto... ¿Morto? ¿Pode ser?... ¿O seu corpo? ¿O seu corpo que podía ser atravesado polo día non sería indestructible polos medios que matan os corpos dos humanos? ¿E se non estaba morto?... quizais o SER Invisible e Temible só se faga cargo do tempo. ¿Por que ese corpo transparente, ese corpo descoñecido, ese corpo de Espírito, tería que sufrir, el tamén, os males, as feridas, as enfermidades, a destrucción prematura? ¿A destrucción prematura? ¡Tódolos temores humanos veñen de aí! Despois do home, o Horlá. ¡Despois daquel que pode morrer tódolos días, a todas horas, a tódolos minutos, por tódolos accidentes, veu aquel que non debe morrer máis que no seu día, á súa hora, ó seu minuto, porque chegou ó límite da súa existencia! Non, non, sen dúbida... non está morto... Daquela... daquela... ¡vai ser necesario que eu mesmo me mate!...